



NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa de Expectativas empresariais

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 15 de abril, o proceso de recollida de información da Enquisa de Expectativas empresariais.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2026 e diríxese a empresas con sede social en Galicia e que contén con un ou máis asalariados no réxime xeral en polo menos un establecemento en Galicia.

Trátase dunha enquisa trimestral e o traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico.

A finalidade da enquisa é obter un coñecemento axeitado e en tempo real da actividade empresarial das empresas galegas, as súas necesidades e puntos fortes. Avaliar a actividade empresarial no trimestre corrente e as perspectivas a c/p recollendo información cualitativa sobre : facturación, emprego, inversión e prezos.

Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá .

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006017009&idioma=gl

Información enquisas: 900 102 104

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en X: IGE_Estatistica

Síguenos en Instagram: ige_estadistica

Síguenos en facebook: INSTITUTOGALEGODEESTADISTICA